

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE GUITIRIZ***ANUNCIO da oferta de emprego público complementaria para o ano 2020.*

Na Xunta de Goberno Local con data do 6 de agosto de 2020 adoptouse o seguinte acordo en relación coa oferta de emprego público complementaria para o ano 2020 do Concello de Guitiriz:

Primeiro. Aprobar a oferta de emprego público complementaria deste concello para o ano 2020 que contén os seguintes postos de traballo que deberán convocarse no prazo máximo de tres (3) anos:

Persoal funcionario:

Denominación-Grupo-Escala Subescala	Nº vacantes	Acceso	Sistema selección	Fundamentación
Policía local; C1 Escala: Administración especial Subescala: servizos especiais	1	1 Mobilidade	Concurso	Artigo 19 Un.5 LOXE 2018

Persoal laboral fixo:

Denominación	Nº vacantes	Acceso	Sistema selección	Fundamentación
Limpador/a Persoal laboral fixo-descontinuo	1	Libre	Oposición libre	Artigo 19 Un.2.3.7. LOXE 2018

Segundo. Modificar o sistema de provisión da praza de terapeuta ocupacional do CD (ficha nº 30 da RPT, código 69) engadida na OEP de 2020 (publicada no BOP de Lugo con data do 3 de marzo e no DOG con data do 24 de marzo), para que sexa o de oposición en vez de concurso-oposición.

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición, no prazo dun (1) mes, a partir do día seguinte ao da publicación ante o mesmo órgano que a ditou conforme o establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Tamén poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous (2) meses a



partir do día seguinte ao da publicación de acordo co artigo 8.1 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de que poida exercer calquera outro que xulgue procedente.

Guitiriz, 10 de agosto de 2020

María Sol Morandeira Morandeira
Alcaldesa

